



cel

*Confederación de
Empresarios de Lugo*

Axencia de Colocación CEL

Infórmate | www.cel.es



Axencia de Colocación CEL



Que é unha Axencia de Colocación?

As axencias privadas de colocación realizan actividades de intermediación laboral (coordinada cos Servizos Públicos de Emprego) e procura de emprego, de acordo cos artigos 20 da Lei 56/2006, de 16 de decembro, de Emprego, e do artigo 2.1. do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro.

A CEL é centro autorizado pola Consellería de Traballo e Benestar para operar como Axencia de Colocación privada.

A Axencia de Colocación da CEL opera co código 1200000030.

Servizos

A través do traballo das axencias búscase proporcionar ás persoas un emprego axeitado ás súas características e facilitar aos empregadores os traballadores máis adecuados aos seus requirimentos e necesidades.

Nesta liña, a través da Axencia de Colocación da CEL valóranse aptitudes, perfís, coñecementos e cualificacións profesionais daquelas persoas que requiran os servizos de procura de emprego, en atención aos requirimentos e características dos postos de traballo ofertados polas empresas.

Coa mirada posta en obxectivos de inserción laboral efectiva e máxima atención ás necesidades en materia de emprego das empresas, desenvólvense accións de orientación laboral, información profesional, avaliación de competencias profesionais e selección de persoal, tanto a nivel individual como grupal.

Usuarios

Poderán ser usuarios deste servizo tanto os demandantes de emprego como as empresas que desexen formular ofertas de emprego, acceder á bolsa de emprego da Confederación ou a servizos de selección de persoal.

Se eres empresa

- Facilitámosche o acceso a unha ampla bolsa de demandantes de emprego.
- Realizamos unha preselección de candidatos segundo as características da oferta a cubrir.
- Terás acceso a atención personalizada.

Se eres demandante de emprego

- Valoramos e axudámosche a mellorar o teu perfil profesional.
- Orientámoste laboralmente en relación ás túas competencias.
- Facilitamos ás empresas acceso ao teu currículo cando a súa oferta se adapte ao teu perfil.

SERVIZO GRATUITO